Asunto: informe anteproxecto lei calidade alimentaria de Galicia. 29.06.2022
Ref. DXARA/BDL

O día 22 de xuño de 2022 recíbese na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa (en diante, DXSA) un expediente remitido pola Subdirección Xeral de Réxime Xurídico da Consellería do Medio Rural acompañado dun escrito no que se solicita un informe relativo a o anteproxecto de lei da calidade alimentaria de Galicia. O escrito vén acompañado dunha copia do antedito proxecto de lei, a memoria funcional, a memoria económica e unha táboa de vixencias.

Unha vez analizada a citada documentación e con base nas competencias que lle atribúe á DXSA o Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, así como as funcións que se lle asignan a través do artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, emítese o seguinte

INFORME

Primeiro. O obxecto básico do anteproxecto de lei recibido na DXSA é establecer o marco normativo que permita asegurar na Comunidade Autónoma de Galicia a calidade dos produtos alimentarios producidos, elaborados ou comercializados no seu territorio e a súa conformidade coa normativa de aplicación, en defensa da lealdade das transaccións comerciais e dos dereitos e intereses lexítimos dos produtores primarios, operadores económicos e profesionais do sector, así como das persoas consumidoras finais.

Segundo. O anteproxecto de lei estrutúrase nunha exposición de motivos e unha parte dispositiva, que consta dun título preliminar, sete títulos compostos de 116 artigos, dúas disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e catro disposicións derradeiras, necesarias para a súa aplicación e entrada en vigor.

Terceiro. O anteproxecto de lei obxecto deste informe derroga a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de calidade alimentaria da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, ao regular especificamente a toma de mostras e análise no eido das infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, deixará de aplicarse de forma supletoria o Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e

CVE: OVcZFLDQWtm7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria. Ademais, ao regular o réxime sancionador en materia de viños no ámbito autonómico, deixará de aplicarse diversa normativa estatal ao respecto.

A seguir, enuméranse as principais novidades que ofrece o anteproxecto de lei da calidade alimentaria de Galicia:

-Regúlase o fomento e o desenvolvemento da produción amparada polos distintivos de calidade diferenciada.

-Defínese a calidade estándar e a calidade diferenciada.

-Especifícanse as competencias e organización administrativa, en concreto, para a Consellería do Medio Rural, a Consellería do Mar e a Axencia Galega da Calidade Alimentaria. E créanse dous órganos de consulta e participación, o Consello Alimentario de Galicia e a Mesa da Calidade Alimentaria de Galicia.

-Regúlase o sistema de autocontrol das persoas operadoras, establécese un sistema de certificación do sector agroalimentario de Galicia e fíxanse as figuras de protección da calidade alimentaria diferenciada e da promoción de marcas de garantía.

-Amplíanse as funcións de control e o réxime de infraccións e sancións.

Cuarto. Segundo consta na memoria económica remitida, a norma proposta non comporta custo económico segundo o establecido na Orde do 3 de marzo de 2011.

Quinto. O artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, prevé a emisión dun informe favorable da consellería, ou das consellerías, con competencia en materia de administracións públicas e emprego público sobre os proxectos normativos que afecten a estrutura orgánica, métodos de traballo, procedementos administrativos e burocráticos ou o réxime de persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou do sector público autonómico.

No anteproxecto de lei non se regula ningún procedemento administrativo, aínda que algunhas previsións de desenvolvemento normativo posterior, coma tal os requisitos para a obtención da carta de artesán/artesá ou a utilización das mencións “artesán da casa” ou “artesán caseiro”, é posible que supoñan a introdución de novos procedementos. Neste suposto, a normativa reguladora para a habilitación dos devanditos procedementos administrativos na sede electrónica esixirá un informe tecnolóxico e funcional favorable emitido conxuntamente polos órganos con competencias horizontais en materia de administración electrónica e avaliación e reforma administrativa da Xunta de Galicia, en virtude do disposto no artigo 6 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e de acordo co disposto na Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos. Para a emisión do devandito informe será necesario cubrir a solicitude de habilitación coa información que se require na ampliación informática de habilitación (REDUCE), accesible desde a intranet da Xunta de Galicia en https://intranet.xunta.gal/reduce .

CVE: OVcZFLDQWtm7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Sexto. Á vista dos obxectivos e contidos recollidos no anteproxecto de lei sometido a informe, considérase que esta nova norma é necesaria porque sistematiza nunha única disposición a normativa da calidade alimentaria, dá unha maior seguridade xurídica aos operadores e axentes, impulsa a calidade diferenciada e establece as bases para o control oficial do cumprimento dos requisitos establecidos para a comercialización dos produtos alimentarios e a persecución da fraude alimentaria no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto, desde a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa emítese **informe favorable** sobre o anteproxecto de lei da calidade alimentaria de Galicia e non se aprecia ningún impedimento para que continúe a súa tramitación.

O director xeral de Simplificación Administrativa

Jesús Oitavén Barcala

Asinado por: OITAVÉN BARCALA, JESÚS
Cargo: Director Xeral de Simplificación Administrativa
Data e hora: 05/07/2022 12:38:08

CVE: OVcZFLDQWtm7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve